

ZAS é Costa da Morte



PATRIMONIO

As orixes do territorio de Zas remóntanse a tempos prehistóricos, como atestiguan os numerosos restos do neolítico localizados na contorna; o dolmen Arca da Piosa, o de Pedra Vixía, ou a mámoa de Mina do Cotón.

A cultura castrexa tamén deixou a súa pegada nos abundantes castros, dos que destaca o Castro de San Adrián.

Os romanos tiveron en Brandomil un dos grandes asentamentos de Galicia, con innumerables restos, ademais dun tramo de calzada romana, unha vía secundaria da Per Loca Marítima.

Relixioso

Igrexa de Santo Adrián de Castro, de estilo ecléctico, presenta unha fachada pentagonal co campanario encostado nun lateral, sobre a porta adintelada ábrese unha xanela lobulada. O cemiterio está integrado dentro do recinto do adro.

Igrexa de San Martiño de Meanos, destaca a torre do campanario que sobreesae avanzando na planta, dando a sensación dunha torre encostada no centro da fachada.

Igrexa de Santa María de Baio, templo de estilo barroco; a porta principal aparece enmarcada por unha dobre oreilleira con molduras, e sobre esta unha fornela que alberga á Virxe.

Igrexa de Santo André de Zas, no exterior destaca polo xogo de volumes entre a capela maior e a nave e pola esvelta torre do campanario. No interior hai un sarcófago do fundador da igrexa: Álvaro Núñez de Lamas no ano 1543.



Civil

O Pazo Torres de Romelle, no interior do recinto amurallado está o edificio de planta rectangular no que destaca a torre almenada, a porta principal con arco carpanel de grosas doelas e unha galería na fachada posterior. A etapa de maior esplendor deste pazo xorde ao longo do século XVII, época en que foi fundada a capela, e que tamén pode apreciarse nos fermosos xardíns barrocos.

O primeiro señor deste pazo foi Alvaro de Caamaño (século XV). Nos muros exteriores están os escudos das liñaxes dos Moscoso de Altamira así como dos de Ribedeneira e dos Caamaño.

O Pazo As Edreiras é unha construción que xorde a partir dunha torre á que engadíuselle un edificio de planta rectangular, no que destaca unha escalinata que dá paso a unha fermosa solaina que percorre toda a fachada, as características barrocos do conxunto apuntan a que data do s. XVIII. Nel conflúron os apelidos fidalgos dos Bermúdez e dos Leis. Completan o patrimonio os pazos de Daneiro e Follente.

ARCA DA PIOSA

Este monumento megalítico que data do milenio III a.C. é un dolmen de grandes dimensións, que alcanza os 5 metros de lonxitude.

A cámara conserva catro dos cinco esteos que soportan a laxa da tapa, e no plano inferior dúas pedras do pequeno corredor; a mámoa pode percibirse claramente. Esta arca pesa ao redor de 35 toneladas, e segundo as técnicas da época, pénsase que serían precisas moitas persoas para mover as enormes pedras. O poeta Eduardo Pondal sitúa nesta anta o sepulcro do mítico guerreiro celta Brandomil.

SAN PEDRO DO ALLO

A igrexa de San Pedro do Allo (s. XVI) foi construída moi preto do pazo por encargo do fidalgo Gómez de Rioboo Villardefrancos, señor das Torres do Allo.

Neste fermoso templo renacentista sobreesae como elemento singular a portada da fachada principal, que distribúese formando un retablo pétreo que flanquea a porta con dous pares de columnas sobre plintos e nos intercolumnios e coroando a parte central están representados Adán e Eva, San Gabriel e a Virxe.



NATUREZA


Zas é unha terra de conto, de paisaxes suaves onde o verde dos bosques e as praderías agochan recunchos sorprendentes cheos de maxia, de lendas e de historia.

Unha de natureza de carballeiras centenarias, coma a Carballeira de Baio, de troncos retorcidos e leitos de pedra no curso do río Grande; que lévanos por camiños de pescadores ata os restos do dolmen Pedra Vixía, entre misteriosos bosques de ribeira que agochan lugares tan fermosos como a área recreativa de Pedra Vixía.

Aínda que Zas non ten grandes elevacións montañosas, desde o Pico Meda que elévase a 556 m de altitude a panorámica é impresionante, nunha ollada pódese abarcar parte de Carballo, Santa Comba, Agualada, os vales de Zas e con bo tempo ata o mar. Na contorna cabalos salvaxes, aves de presa e pequenos mamíferos enchen de vida o lugar. Hai un gran número de merendeiros totalmente integrados na natureza, onde gozar da tranquilidade dun día de lecer, como o do monte de San Roque, o de Brandomil ou a praia fluvial de Carreiras.

FESTA DA CARBALLEIRA

O primeiro fin de semana de agosto, a fermosa Carballeira de Velar convértese por un día na capital mundial do Folk. Un evento que atrae cada ano a miles de persoas, e a recoñecidos artistas de primeiro orde de ámbito nacional e internacional. Durante toda a xornada actuacións de grupos de folclore tradicional mostran a música e a danza de distintas culturas, e a xente pode tamén degustar a gastronomía da terra: polbo, pementos de Padrón, churrasco, patacas... antes de comezar o prato forte do festival, os concertos.



FESTAS

No concello de Zas o pódese gozar dunha variedade significativa de festas e festivais durante todo o ano, que mesturan a cultura, o fervor relixioso, a gastronomía e a música.

Festa da Carballeira de Baio, o último domingo de xuño, celebración tradicional cunha gran romaría popular e un día cheo de actuacións musicais. A tradicional Rapa das Bestas de Carreira celébrase o primeiro domingo de xullo. Os combatentes serán os encargados de reunir os cabalos para despois cortarlles as crines. O 26 de xullo a Festa de Santa Margarida de Muíño, unha comida campestre co mellor dos ambientes da festa popular.

Romaría de San Roque do Monte, o cuarto sábado de agosto celébrase na fermosa paraxe onde está a capela unha multitudinaria merenda campestre con actuacións musicais e orquestras. Festas patronais de Baio, os días 6, 7 e 8 de setembro, tres xornadas festivas con actos relixiosos, actuacións musicais e moitas actividades.



PONTE DE BRANDOMIL

A Ponte de Brandomil está situada sobre o río Xallas, na localidade do mesmo nome. Construída sobre a base dunha antiga ponte romana probablemente do século I, é unha das mellores manifestacións da arquitectura medieval en Galicia.

Nas inmediacións aprécianse os restos dunha antiga calzada romana, que podería tratarse dunha vía secundaria da Per Loca Marítima. As escavacións dos últimos anos sacaron á luz os restos dunha antiga vila romana de considerables dimensións, un dos grandes asentamentos romanos de Galicia, equiparable aos de Brigantium e Iria Flavia.

O antigo núcleo romano de Brandomil era un lugar de gran valor estratéxico onde puideron estar establecidos membros da administración imperial, emigrantes, lexionarios e oficiais para a protección da colonia e do tránsito de mercadorías.

Segundo as investigacións arqueolóxicas delimitan a superficie do antigo núcleo romano nunhas 25 hectáreas; onde atopáronse unha enorme cantidade de restos; moedas, cerámicas africanas, xoias, vidros decorados con fios aplicados, capiteis, baseas, fustes de columna, régulas e mosaicos de pavimento.

MUSEO DO LIÑO

O Museo do Liño é un pequeno espazo, situado en Baio, onde móstrase todo o proceso de elaboración do liño cos distintos aparellos. Pódense ver instrumentos recuperados e utilizados na confección do liño, dos que destaca un tear de hai 200 anos. En ocasións, realízanse demostracións in vivo do proceso de fiado e tecido de diversas prendas.

TORRES DO ALLO

As Torres do Allo é un dos pazos máis antigos de Galiza edificado sobre os restos dunha antiga fortaleza destruída por mandato dos Reis Católicos.

Foi construído pola familia Gomes de Rioboo, vasallos dos poderosos Condes de Altamira, e que procedían da veciña Torre da Penela. O gran valor arquitectónico deste pazo radica no feito de que é un dos poucos de estilo gótico en Galicia.

O fermoso edificio de estilo gótico-plateresco está formado por dúas torres unidas a un corpo central de estilo renacentista, que segue o estilo da torre máis antiga. Nas torres pódese admirar unha gran riqueza decorativa nas xanelas, balcóns, escudos e molduras; e na cornixa sobreesaen varias gárgolas.



Nos escudos están representados os símbolos dos Rioboo (unha torre rodeada de silvas), os Caamaño (piñeiro e lanzas), os Seixas (cinco pombas), Lousada (dous lagartos baixo unha pedra) e Figueroa (cinco follas de figueira).

Actualmente as Torres do Allo son sede do Centro de Información e Recursos Patrimoniais, e albergan un museo etnográfico con utensilios propios da época e con aparellos relacionados coa artesanía e cultura da comarca.



GDR COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SAN ADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FERVENZAS
-  R12 DOS MUIÑOS

QR

Amplía información da Costa da Morte



RUTAS

-  Camiño de Santiago
-  Punto de información
-  Aula da Natureza
-  Cemiterio de Cores
-  Muíño
-  Igrexa Santuario
-  Pazo
-  Castelo Torre
-  Cruceiro
-  Horreo
-  Museo do Alemán
-  Ponte
-  Conxunto Histórico
-  Lonxa Fisterra
-  Petroglifo
-  Marco do Couto
-  Dolmen
-  Museo
-  Praia
-  Fervenza Encoro
-  Faro
-  Paisaxe
-  Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro

